



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE INSTALACIONS MUNICIPAIS PARA ECHIBIR PROPAGANDA EN LETREIROS, CARTELEIRAS E SIMILARES QUE SE ATOPEN NA VÍA PUBLICA.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do R.D. Lexislativo. 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Tui, establece a taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares que se atopen na vía pública a que se refire o artigo 20.3 s) do R.D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 58 do mencionado Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa de reloxos, carteleiras, paneis e demais instalacións de carácter municipal para exhibición de propaganda mediante carteis, letreiros e similares, que se atopen na vía pública.

Os efectos anteriores enténdese por vías públicas todas as rúas, prazas, parques, xardíns e espazos libres de uso público deste termo municipal.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das presentes taxas as persoas físicas, xurídicas ou entidades as que se refire os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria que utilicen ou se beneficien especialmente das instalacións municipais.

ARTIGO 3. EXENCIONS E BONIFICACIONS.

Agás o disposto en normas de rango de legal e tratados internacionais, non se admitiran exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

ARTIGO 4. COTAS.

1. Por cada m² ou fracción ó mes ou fracción **6,16€.**
2. Cando se utilicen procedementos de licitación, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación; todo elo de acordo co disposto no artigo 24.1 b) do TRLRFL.

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO,

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengarase no intre en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.



2. No intre de solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresaran polo procedemento de autoliquidación o importe total das cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.

Se se solicita un aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.

3.. A administración tributaria municipal practicará, no caso de aproveitamentos continuados, as liquidacións sucesivas con periodicidade semestral.

ARTIGO 6. INFRACCIONS E SANCIONS.

No relativo as infraccións tributarias desta ordenanza, así coma cualificación das mesmas e sancións, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

DISPOSICION ADICIONAL.

Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrucción ou deterioro do dominio publico local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó deposito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía total igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

O Concello no poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª.- No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o previsto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

2ª.- Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro do ano 2009, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Tui, a 20 de Outubro de 2008.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do....., correspondente a ordenanza fiscal reguladora do/a....., foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 30/10/2008, Exposto ó público, para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 07/11/2008, no BOP nº 217 de data 07/11/2008, quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOP nº 249 de data 26/12/2008, data da súa entrada en vigor.
Tui.....de.....de.....
L SECRETARIO O INTERVENTOR